



# Plan de Accesibilidade Turística de Galicia

Documento Executivo

## Índice

1.	Introdución e Obxectivos .....	3
1.1	Alcance e obxectivos	3
1.2	Turismo accesible: Unha oportunidade para Galicia	3
2.	Análise da situación actual .....	4
2.1	Situación actual da accesibilidade da oferta	4
2.2	Análise da demanda turística	13
3.	Retos e oportunidades .....	16
4.	Estratexia de Turismo Accesible de Galicia .....	17
4.1	Obxectivos do Plan Estratéxico	17
4.2	Misión - Visión	17
4.3	Liñas estratéxicas para o posicionamento de Galicia como destino accesible	18
5.	Plan Operativo .....	179
5.1	Fichas individualizadas das actuacións	19
6.	Seguimento, avaliación e indicadores do Plan .....	49

# 1. Introducción e Obxectivos

## 1.1. Alcance e obxectivos

O Plan de Accesibilidade Turística de Galicia, impulsado pola Xunta de Galicia, a través de Turismo de Galicia, ten como obxecto impulsar un conxunto de iniciativas para a mellora do turismo accesible en Galicia nos próximos anos, partindo dun traballo de análise en profundidade da situación actual. Esta análise estuda a demanda e a oferta do destino, as tendencias do mercado a nivel global e nacional con especial enfoque no turismo accesible.

O Plan de Accesibilidade Turística de Galicia está aliñado co Plan Integral de Turismo de Galicia e inclúe as liñas de actuación necesarias para mellorar a accesibilidade do destino, con especial atención ao espazo físico e na acollida de visitantes con necesidades de accesibilidade. Definiuse unha estratexia de destino accesible que inclúe 29 actuacións repartidas en 4 liñas estratéxicas: Mellora da accesibilidade da oferta turística; Sensibilización e formación en materia de turismo accesible; Innovación e intelixencia de mercado; Promoción da oferta de turismo accesible.

Adicionalmente, estas actuacións contan cunha iniciativa de carácter transversal que consiste na creación dun Grupo de traballo para a xestión do turismo accesible de Galicia. Este grupo ten como obxectivo o seguimento daquelas iniciativas para impulsar para a mellora da accesibilidade no destino.

En definitiva, este Plan de Accesibilidade Turística de Galicia pon a disposición, tanto do destino como dos profesionais do sector, todas aquelas ferramentas necesarias para que Galicia poida competir no mercado de turismo accesible con garantías de éxito.

O proceso de reflexión estratéxica levado a cabo supuxo o desenvolvemento de diferentes ferramentas de carácter participativo (mesas de traballo e entrevistas cos axentes do sector turístico galego (empresarios, axentes de entidades públicas responsables da xestión do destino e representantes do movemento asociativo de persoas con discapacidade e participación cidadá de Galicia). A todos eles, agradecerlles a súa participación na elaboración do Plan de Accesibilidade Turístico de Galicia cuxos principais resultados expóñense no presente documento.

## 1.2. Turismo accesible: unha oportunidade para Galicia

A Accesibilidade Universal, segundo o artigo 2.k do Real Decreto Lexislativo 1/2013 do 29 de novembro<sup>1</sup>, é a condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos, instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables por todas as persoas, en condicións de seguridade e comodidade, e da forma máis autónoma e natural posible.

A inclusión dos criterios de Accesibilidade Universal e Deseño para Todos na oferta dun destino turístico, ademais de constituír un dereito fundamental de todas as persoas e de ser unha obriga normativa, achega uns beneficios significativos para o destino: permite a ampliación da base de clientes e potenciais turistas a todas as persoas, incrementando ademais a súa proporción se se considera que moitas persoas con discapacidade adoitan viaxar acompañadas, favorece a desestacionalización, reforza a imaxe e a reputación do destino ao situarse como responsable socialmente, mellora a súa calidade e por tanto representa unha vantaxe competitiva significativa.

A Xunta de Galicia, como ente xestor do destino e coñecedor desta realidade, é consciente de que apostar polo turismo accesible representa unha oportunidade fundamental para consolidarse como destino de calidade, amigable e acolledor, sinónimos da amabilidade e da hospitalidade da súa xente.

---

<sup>1</sup> Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

## 2. Análise da situación actual

A análise da situación actual inclúe tanto o estudo do turismo accesible no destino Galicia na actualidade (grao de accesibilidade da oferta e demanda, así como daquelas tendencias do mercado turístico nun contexto global con potencial impacto no produto de turismo accesible de Galicia.

### 2.1. Situación actual da accesibilidade da oferta

A análise da accesibilidade da oferta turística do destino Galicia realizouse a través do estudo dos seguintes ámbitos:


- Análise do grao de accesibilidade dunha selección de recursos e produtos do destino para os que existe información dispoñible.
- Valoración da accesibilidade do destino polos axentes vinculados ao turismo accesible en Galicia, a través de mesas de traballo e entrevistas individuais como ferramentas para a investigación cualitativa e cuestionarios como ferramenta para a investigación cuantitativa.
- Accesibilidade das TIC vinculadas ao turismo accesible.

#### a. Análise da accesibilidade da oferta de turismo accesible

Ata a data, publicáronse nas ferramentas de promoción do turismo accesible un total de 455 establecementos de Galicia que reúnen as condicións mínimas de accesibilidade mencionadas anteriormente, e por tanto clasificables como accesibles ou practicables.


Tal e como mostra o gráfico a continuación, case a metade dos establecementos publicados (o 47%) son aloxamentos e aproximadamente un terzo do total son establecementos do sector da restauración (restaurantes, cafeterías, bares, adegas). Séguenlles as categorías de monumentos, de recursos de natureza e praia, de museos e centros culturais, e de espazos e actividades de lecer. Menos relevantes son as porcentaxes das restantes categorías. A prominencia dos aloxamentos e establecementos de restauración non significa que sexan as categorías máis accesibles da comunidade autónoma, débese a que estas foron as categorías analizadas pola Xunta de Galicia para os seus guías de turismo. Os establecementos do resto de categorías foron analizados para as súas propias guías temáticas de Turismo Accesible.

### Tipoloxía de establecementos e recursos turísticos de Galicia publicados




Analizando os subtipos que compoñen as distintas categorías, destaca sobre todos os demais o sector da restauración, que representa o número maior de establecementos publicados (147) por ser accesibles ou practicables. Tamén sobresa e a categoría dos establecementos hostaleiros (112) e en menor medida, pero aínda así considerable, de aloxamentos rurais (62). Tamén digno de mención o número de edificios relixiosos publicados, como igrexas, conventos e mosteiros (30), de aloxamentos extrahoteleiros como albergues (24) e cámpings (16), e de espazos museísticos e expositivos (14). Por último, en número inferior aínda que relevante polo interese turístico que espertan, outros monumentos de Patrimonio Histórico (8), os centros de interpretación da natureza (7), as actividades de lecer adaptadas (7) e as adegas (7).

### Subcategorías de establecementos e recursos turísticos de Galicia publicados




Desagregando os resultados relativos aos aloxamentos, é relevante resaltar a súa composición: máis da metade componse de establecementos hostaleiros e no restante 48% repártense os aloxamentos turísticos extrahoteleiros (cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues).

**Tipoloxía de aloxamentos**



Observando a distribución das distintas categorías de aloxamentos polas catro provincias, o resultado é bastante similar, aínda que con algunhas peculiaridades relacionadas coas características propias do turismo de cada unha das provincias. Destaca, por exemplo, na distribución das distintas tipoloxías de aloxamentos, o número máis elevado de albergues na provincia de Lugo valorados como accesibles ou practicables, en comparación coa porcentaxe correspondente no resto de provincias.



En concreto, baseándose nas guías de aloxamentos e restaurantes realizadas por Turismo de Galicia entre 2007 e 2013, é posible concluír que en torno ao 10% dos mesmos están clasificados como accesibles, mentres que menos do 50% están clasificados como practicables.

Aloxamentos de Galicia analizados		
Clasificación	Total	%
Accesibles	39	9,58%
Practicables	162	39,80%
Non adaptados	200	49,14%
Incidencias	6	1,47%
<b>TOTAL</b>	<b>407</b>	<b>100%</b>

Tal e como mostra a seguinte táboa, no caso dos **restaurantes**, dos 259 analizados ata o ano 2013, o número dos establecementos non accesibles foi inferior comparado cos aloxamentos, a pesar de representar máis dun terzo do total das visitas realizadas. Doutra banda, é notable a cantidade de establecementos do sector da restauración clasificados como practicables, que supón pouco menos da metade do total.


Restaurantes de Galicia analizados		
Clasificación	Total	%
Accesibles	25	9,65%
Practicables	120	46,33%
Non adaptados	93	35,91%
Incidencias	21	8,11%
<b>TOTAL</b>	<b>259</b>	<b>100%</b>

O estudo das condicións de accesibilidade da oferta turística realizado coa mostra de establecementos analizados en anos anteriores, especialmente a de aloxamentos e restaurantes, pon de manifesto a necesidade de realizar accións de mellora para incrementar o nivel de accesibilidade da oferta turística e a súa calidade, co obxectivo de permitir a todas as persoas gozar dunha experiencia turística en igualdade de condicións e mellorar a competitividade da oferta. Non se incluíron nesta análise os establecementos visitados en 2015, cuxos resultados se reflectirán no Plan de Accesibilidade Turística de camiño de Santiago, xa que forman parte deste produto turístico.

## b. Valoración da accesibilidade do destino polos axentes implicados

En relación ao **perfil dos participantes**, hai que sinalar que nas mesas de traballo e nas entrevistas individuais han participado máis dunha trintena de axentes de diversa natureza.

Ámbito ao que pertencen os participantes no estudo



En canto ao coñecemento en materia de accesibilidade universal, un 70% dos participantes declaran ter un coñecemento medio ou alto. O nivel de coñecemento medio é de 5,4. Doutra banda, en relación ao coñecemento das necesidades das persoas con discapacidade, o 53% dos participantes consideran que teñen un coñecemento medio ou alto, sendo o nivel de coñecemento medio de 5,8.

Nivel de coñecemento en materia de Accesibilidade Universal									
Moi Baixo		Baixo		Medio		Alto		Moi Alto	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
3%	9%	6%	4%	18%	22%	15%	15%	0%	0%
Nivel de coñecemento medio: 5,4 (1 mínimo - 10 máximo)									

Nivel de coñecemento das necesidades das persoas con discapacidade									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
3%	3%	11%	9%	5%	11%	23%	14%	9%	0%
Nivel de coñecemento medio: 5,8 (1 mínimo - 10 máximo)									

A valoración da accesibilidade da oferta turística en Galicia polos axentes crave do sector fai referencia a catro áreas crave para a xestión dun produto turístico:

- Prioridade e potencial do turismo accesible e situación actual da oferta.
- Promoción e comercialización.
- Sensibilización e formación.
- Novas tecnoloxías.



**i. Prioridade e potencial do turismo accesible e situación actual da oferta**

Os participantes consideran que o turismo accesible representa unha oportunidade de negocio para Galicia, tendo un gran potencial de crecemento. En concreto, o 88% dos enquisados valoran como alta ou moi alta a concepción do turismo accesible como unha oportunidade de negocio relevante. A puntuación media ascende a 8. Doutra banda, os axentes do sector consideran, nun 59% dos casos, que o efecto da mellora da accesibilidade do destino na chegada de turistas sería moi alto. A puntuación media é de 8,7.

Concepción do turismo accesible como oportunidade de negocio									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
0%	0%	0%	3%	3%	6%	21%	27%	34%	6%
Puntuación media: 8 (1 mínimo - 10 máximo)									

Efecto da mellora da accesibilidade do destino na chegada de turistas									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
0%	0%	0%	0%	0%	6%	6%	29%	32%	27%
Accesibilidade media: 8,7 (1 mínimo - 10 máximo)									

A análise do grao de accesibilidade da oferta baseouse na valoración dos seguintes aspectos:

- **Recursos e puntos de interese turístico:** o 75% dos enquisados outórgalle unha cualificación de baixa ou media a este aspecto, mentres que a cualificación media de accesibilidade é 4,5.

Accesibilidade dos principais recursos e puntos de interese turístico									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
0%	16%	12%	25%	19%	19%	6%	3%	0%	0%
Cualificación media da accesibilidade: 4,5 (1 mínimo - 10 máximo)									

- **Aloxamentos turísticos:** o 33% dos enquisados consideran como medio o nivel de accesibilidade dos aloxamentos turísticos, sendo a cualificación media da accesibilidade 4,8.

Accesibilidade dos aloxamentos turísticos									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
3%	9%	15%	17%	18%	15%	23%	0%	0%	0%
Cualificación media da accesibilidade: 4,8 (1 mínimo - 10 máximo)									

- Establecementos de restauración e lecer: nun 65% dos casos, os enquisados conciben como baixo ou medio o nivel de accesibilidade dos establecementos de restauración e lecer, mentres que a cualificación media da accesibilidade é 4,6.

Accesibilidade dos establecementos de restauración e lecer									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
3%	9%	23%	15%	18%	9%	23%	0%	0%	0%
Cualificación media da accesibilidade: 4,6 (1 mínimo - 10 máximo)									

- Medios de transporte: o 49% dos enquisados consideran que a accesibilidade dos medios de transporte ten un nivel baixo, sendo 4,4 a cualificación media de accesibilidade.

Accesibilidade dos medios de transporte									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
3%	15%	12%	37%	9%	15%	3%	3%	0%	0%
Cualificación media da accesibilidade: 4,4 (1 mínimo - 10 máximo)									

- Información turística do destino Galicia: o 65% dos enquisados conciben como baixo ou medio o nivel de accesibilidade da información turística de Galicia. A cualificación media da accesibilidade é 5.

Accesibilidade da información turística do destino Galicia									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
3%	9%	12%	15%	15%	23%	17%	3%	3%	0%
Cualificación media da accesibilidade: 5 (1 mínimo - 10 máximo)									

#### Principais áreas de mellora identificadas polos axentes

- Incentivos económicos destinados ao sector.
- Control e inspección do cumprimento da normativa en materia de accesibilidade.
- Espazos naturais e monumentos protexidos.
- Estética da accesibilidade.
- Sinalización.
- Mantemento das condicións de accesibilidade.
- Seguridade do Camiño de Santiago.
- Xestión dos albergues.
- Apoio á investigación.

## ii. Promoción e comercialización

A segunda das áreas crave valoradas polos axentes do sector é a relativa á promoción e á comercialización do turismo accesible de Galicia. O 94% dos enquisados consideran alta ou moi alta a importancia da presenza do turismo accesible na promoción do destino. A puntuación media é de 8,3.

Importancia da presenza do turismo accesible na promoción do destino Galicia									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
0%	0%	0%	0%	0%	6%	18%	34%	24%	18%
Puntuación media: 8,3 (1 mínimo - 10 máximo)									

### Principais áreas de mellora identificadas polos axentes

- Aposta polas ferramentas prioritarias para a promoción do turismo accesible.
- Presenza da oferta de turismo accesible: A oferta de turismo accesible debe estar presente na oferta turística xeral para que esta sexa máis inclusiva.
- Adecuación da información sobre turismo accesible coa realidade da oferta do destino.
- Introducir un sistema de excelencia en canto á accesibilidade de establecementos e recursos turísticos que reflecta, a accesibilidade das infraestruturas, a formación dos profesionais, etc.

## iii. Sensibilización e formación

A terceira área de valoracións dos participantes está centrada na sensibilización e formación dos profesionais do turismo e da poboación.

Formación dos profesionais do sector turístico en materia de Accesibilidade Universal									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
6%	19%	10%	32%	13%	10%	10%	0%	0%	0%
Puntuación media: 4,1 (1 mínimo - 10 máximo)									

Prioridade de mellorar a formación sobre Accesibilidade dos profesionais do sector turístico									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
0%	3%	0%	0%	0%	6%	8%	34%	20%	29%
Puntuación media: 8,4 (1 mínimo - 10 máximo)									

Mellora da calidade do destino como consecuencia dunha adecuada formación sobre Accesibilidade									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
0%	3%	0%	0%	0%	6%	9%	21%	26%	35%
Puntuación media: 8,6 (1 mínimo - 10 máximo)									

Principais áreas de mellora identificadas polos axentes

- Maior presenza de contidos sobre accesibilidade nos Módulos de FP de Hostalaría e Turismo e nos Graos de Turismo e Arquitectura.
- Formación en atención ao cliente, lingua de signos e en lexislación en metería de accesibilidade.
- Sensibilización das Administracións Públicas, dos xestores do destino Galicia e da poboación en xeral.

**iv. Novas tecnoloxías**

A última das áreas valoradas polos participantes en relación á oferta de turismo accesible está focalizada nas novas tecnoloxías. En relación a esta cuestión, o 67% dos enquisados considera que a información proporcionada polas novas tecnoloxías sobre accesibilidade no destino Galicia é baixa ou media. A puntuación media sitúase en 5,1. En relación á utilidade das TIC para promocionar a Galicia como destino de turismo accesible, un 81% dos participantes consideran que teñen unha utilidade alta ou moi alta, sendo 8,1 a puntuación media.

Información proporcionada polo novas TIC sobre a accesibilidade do destino Galicia									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
0%	9%	12%	28%	6%	21%	9%	6%	6%	3%
Puntuación media: 5,1 (1 mínimo - 10 máximo)									

Utilidade das TIC para a promoción de Galicia como destino de turismo accesible									
Moi Baixa		Baixa		Media		Alta		Moi Alta	
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
0%	0%	6%	0%	10%	3%	10%	23%	16%	32%
Utilidade media das TIC: 8,1 (1 mínimo - 10 máximo)									

Principais áreas de mellora identificadas polos axentes

- Accesibilidade das ferramentas TIC e información sobre as condicións de accesibilidade da oferta turística.
- Xeración de información da demanda a través de sistemas de datos abertos.
- Instalación de paneis con Códigos QR no Camiño de Santiago.

**c. Análise TIC da oferta de turismo accesible**

No estudo das Tics relativas ao turismo de Galicia analizouse a accesibilidade de diversas páxinas web e Apps.

Todas as aplicacións móbiles e webs analizadas teñen fallos de accesibilidade que deben ser corrixis para poder ser catalogadas de webs accesibles ou APPs accesibles. En canto á información proporcionada, recoméndase que non exista un apartado específico de accesibilidade, senón que esta información estea incluída nos apartados de destinos, experiencias e plans turísticos. Para mellorar a accesibilidade da App débense resolver varios fallos como a barreira idiomática, a falta de audiodescrición ou a incorrecta descrición de botóns e fotografías.


## 2.2. Análise da demanda turística

### 2.2.1. Demanda turística

É importante sinalar que Galicia superou os 4.000.000 **turistas aloxados en establecementos turísticos** no ano 2014, dos que un 74% foron viaxeiros nacionais e ao redor dun 26% turistas estranxeiros. É importante destacar que neste último exercicio incrementouse un 8% o número de turistas en Galicia, culminando un resultado positivo dos últimos anos tras un período pequeno de recesión da demanda.

Entre os meses de xaneiro e agosto de 2015, o número total de viaxeiros aloxados en establecementos de aloxamento turístico en Galicia foi de 3.240.820, un 12% máis que no mesmo período de 2014.

Evolución de viaxeiros aloxados en establecementos en Galicia. Período 2012-2014



Fonte: Elaboración propia a partir da EOH, EOC, EOATR, EOAT (INE).

En relación ao **tipo de establecementos**, hai que destacar que o 89% dos viaxeiros optaron en 2014 por establecementos hostaleiros, seguido de cámpings, aloxamentos de turismo rural e apartamentos turísticos.

Doutra banda, a **estancia media en establecementos turísticos** en 2014 foi de 2,1 días. A estancia media é superior no caso dos viaxeiros nacionais respecto dos internacionais. Así mesmo, os apartamentos turísticos son os que presentan unha estancia media maior, en relación co resto de establecementos turísticos.

En canto ás **pernoitas**, Galicia rexistrou case 8,5 millóns de pernoitas en 2014 consolidando unha tendencia positiva.

Doutra banda, en canto aos **viaxeiros entrados polas provincias da rexión**, A Coruña anotou a maior cifra fronte ás demais, obtendo un 45% dos turistas chegados a Galicia, seguido de Pontevedra con un 30%. Tamén se debe sinalar que a evolución desta variable foi positiva para todas as provincias excepto Ourense, mentres que Lugo obtivo o maior crecemento aproximándose ao 23% no período de 2012-2014.

## 2.2.2. Demanda do turismo accesible

A pesar de que non existen estatísticas oficiais da demanda turística de persoas con necesidades de accesibilidade, a continuación realízase un aproximación do volume de mercado potencial deste colectivo tanto en España como para os principais mercados internacionais emisores de turismo. Así mesmo, tamén se realiza unha aproximación ao comportamento de este segmento da demanda turística. En primeiro lugar, en canto a persoas con discapacidade, as diversas fontes consultadas ofrecen datos diferentes pola complexidade de medición deste fenómeno. Con todo, todas estas fontes mostran a importancia deste grupo de demanda.


Segundo a ONU, en España o colectivo de persoas con discapacidade supón ao redor de 4 millóns de persoas e a 500 millóns no mundo. Ademais, é importante ter en conta que as persoas con discapacidade son “multiclientes” xa que cada viaxe que realizan atrae a 1,5 acompañantes.

Doutra banda, segundo a Comisión Europea nos Estados Membros o número total de persoas con necesidades específicas de accesibilidade supón máis de 138 millóns (esta cifra inclúe tanto a persoas con discapacidade como a persoas maiores).

Número de persoas con necesidades de acceso en mercados Europeos e outros mercados relevantes			
	Persoas con discapacidades (15-64 anos)	Persoas maiores (65+ anos)	Necesidades de acceso (Total)
Alemaña	4.534.000	16.829.000	21.363.000
España	2.726.000	7.918.000	10.645.000
Francia	10.394.000	11.169.000	21.563.000
Italia	2.621.000	12.509.000	15.130.000
Portugal	1.454.000	1.934.000	3.388.000
Reino Unido	11.219.000	10.547.000	21.766.000
UE 27	49.825.000	88.778.000	138.603.000
China	61.441.000	112.498.000	173.939.000
Estados Unidos	31.961.000	41.444.000	73.405.000
Xapón	4.695.000	29.892.000	34.587.000
Rusia	9.193.000	18.104.000	27.298.000

Fonte: Elaboración propia a partir de European Commission: Economic Impact and Travel pattern of Accessible Tourism in Europe – Final Report. Datos 2011.

Como se pode ver na seguinte gráfica, estímase que o **número de persoas con necesidades de acceso nos 27 países da Unión Europea**, terá un crecemento medio interanual de 1,2% ata 2020. Isto supón que nese ano, haberá un total de 154,6 millóns de persoas con necesidades de acceso. A estimación de crecemento interanual de persoas con necesidades de acceso en España estableceuse nun 1,3%, moi similar a outros países europeos como Reino Unido ou Alemaña.

**Porcentaxe de crecemento medio interanual de persoas con necesidades de acceso no período 2012-2020**


Fonte: Elaboración propia a partir de European Commission: Economic Impact and Travel pattern of Accessible Tourism in Europe – Final Report.

Doutra banda, en canto ao comportamento de persoas con necesidades específicas de acceso na Unión Europea, obsérvase a elevada propensión á viaxe (case un 60% de persoas con discapacidade e ao redor do 50% de persoas maiores de 65 anos teñen unha actitude favorable pola realización de viaxes turísticas con pernoita), e o número de viaxes que realizan de media anual estes colectivos é de 6,7 desprazamentos para o primeiro caso e de 5,5 desprazamentos para o segundo.

**Comportamento turístico de persoas con necesidades de acceso na UE en 2012**  
 (Viaxes con pernoita)

	Propensión de Viaxe	Nº de viaxes / ano
<b>España</b>		
Persoas con discapacidade	49,5%	8,0
Persoas maiores de 65 anos	40,0%	6,3
<b>UE 27</b>		
Persoas con discapacidade	58,1%	6,7
Persoas maiores de 65 anos	47,5%	5,5

## 3. Retos e oportunidades

Galicia ha de afrontar un conxunto de retos nos próximos anos, algúns deles derivados das súas características propias como destino e outros da evolución recente do mercado turístico. Da mesma maneira, identificáronse un conxunto de oportunidades, tanto de carácter interno como externo, que a rexión debe coñecer e aproveitar para a mellora do seu posicionamento así como da competitividade do seu sector turístico. Neste apartado, a modo de síntese dos traballos de análises realizadas, relaciónanse os principais retos e oportunidades que serven de base para o establecemento dos obxectivos e das actuacións que configuran o Plan de Accesibilidade Turística de Galicia.

Principais retos de Galicia como destino turístico accesible	
1.	Establecer as bases para lograr unha mellor <b>coordinación</b> que permita aumentar as sinerxías entre o sector público, o sector privado e o movemento asociativo representativo de persoas con discapacidade para a xestión do turismo accesible e impulsar actuacións para a mellora do grao de accesibilidade da oferta.
2.	Dotar ao destino de información máis detallada e accesible sobre as condicións de accesibilidade da oferta turística e a súa difusión a través das diferentes canles e ferramentas de promoción e comercialización.
3.	Deseñar unha <b>oferta de produtos de turismo accesible</b> atractiva para o mercado turístico e diferenciala respecto doutros destinos e que represente a identidade e os valores únicos de Galicia.
4.	Proporcionar ao sector turístico galego o <b>soporte e as ferramentas adecuadas</b> para avanzar de maneira significativa en cuestións relativas a accesibilidade universal.
5.	Aumentar notablemente o nivel de profesionalización do sector turístico en diversos ámbitos, desde a atención ao cliente ao coñecemento da contorna normativa.

Principais oportunidades de Galicia como destino turístico accesible	
1.	A existencia na actualidade dun <b>mercado potencial de turismo accesible</b> moi relevante (só na Unión Europea son 138 millóns de persoas con necesidades de accesibilidade).
2.	A importante <b>previsión de crecemento</b> no número de turistas pertencentes ao colectivo de persoas con necesidades de accesibilidade (nos países da UE, estímase un crecemento interanual de 1,2% ata 2020).
3.	As <b>novas tecnoloxías</b> , como soporte de información e promoción, permiten que os clientes contén cunha información máis detallada da oferta de turismo accesible e con ferramentas e canles con maiores niveis de accesibilidade e usabilidade.
4.	Situar a Galicia <b>como un referente do turismo accesible</b> promocionando os recursos e produtos con maior grao de accesibilidade. Trátase dunha imaxe concibida polo turista como positiva e atractiva que contribúe á mellora do posicionamento do destino.
5.	A <b>aposta pola innovación e a investigación</b> é unha das grandes oportunidades que debe ser aproveitada, para optimizar os esforzos en materia de promoción e comercialización, lograr unha comunicación directa co cliente final e un maior coñecemento das súas características e o seu comportamento (intelixencia de mercado).



## 4. Estratexia de Turismo Accesible de Galicia

### 4.1. Obxectivos do Plan Estratéxico

Tras a análise da situación actual do turismo accesible en Galicia, e a identificación os principais retos e oportunidades aos que se enfrenta, defínense a continuación os grandes obxectivos do Plan de Accesibilidade Turística de Galicia:

Obxectivos do Plan de Accesibilidade Turística de Galicia	
1.	Mellorar o grao de accesibilidade da oferta contribuindo á inclusión do colectivo de persoas con discapacidade e ao aumento da competitividade do sector turístico galego.
2.	Situar a Galicia como destino de turismo accesible no mercado nacional e internacional, atraendo novos fluxos turísticos, mediante a incorporación da oferta de turismo accesible á estratexia global de marketing do destino Galicia e o desenvolvemento doutras accións de comunicación e promoción específicas.
3.	Poñer en marcha diferentes iniciativas que permitan conseguir maiores niveis de formación dos profesionais e de sensibilización da poboación en xeral sobre accesibilidade universal.
4.	Proporcionar novas oportunidades de negocio ás empresas turísticas galegas e, por tanto, de riqueza e emprego para Galicia.
5.	Establecer mecanismos de carácter estable que permitan a xestión conxunta do turismo accesible por todos os axentes involucrados no turismo accesible na rexión.

### 4.2. Misión – Visión

Misión
Dotar ao sector turístico galego de todas aquelas ferramentas que lle permitan mellorar a accesibilidade do destino e a súa oferta, para situarse no mercado como destino turístico accesible e aberto ás necesidades de todas as persoas.
Visión
Converter a Galicia nun destino referente en materia de turismo accesible que logre a inclusión real de todas as persoas, incluíndo o colectivo de persoas con necesidades de accesibilidade.

### 4.3. Liñas estratéxicas para o posicionamento de Galicia como destino accesible

Partindo dos obxectivos e a misión e visión indicadas previamente neste plan, propónse a posta en marcha dun amplo conxunto de proxectos e iniciativas en diferentes ámbitos de actuación, que se engloban en catro liñas estratéxicas e unha iniciativa de carácter transversal:

1. Mellora da accesibilidade da oferta turística: o grao de accesibilidade da oferta debe incrementarse mediante actuacións como a mellora da accesibilidade dos establecementos e recursos turísticos e da rede de transportes ou a creación dun manual de sinalización turística accesible, entre outras.
2. Sensibilización e formación en materia de turismo accesible: a sensibilización da poboación e a formación dos profesionais do sector contan con actuacións específicas como as macrocampañas de sensibilización ou a formación en atención ao cliente con discapacidade e outras necesidades diversas.
3. Innovación e intelixencia de mercado: a creación dun Observatorio de Turismo Accesible e unha guía de boas prácticas son algunhas das iniciativas que se propoñen nesta liña estratéxica para mellorar a competitividade de Galicia como destino de turismo accesible.
4. Promoción da oferta de turismo accesible: esta liña estratéxica levará a cabo a través de iniciativas como a creación dunha guía de turismo accesible de Galicia, accións de marketing directo, así como a celebración de fam , press e blogue trips, entre outras actuacións.



Adicionalmente, expónse como iniciativa transversal a posta en marcha dun grupo de traballo público - privado responsable da xestión do produto de turismo accesible en Galicia.

## Plan Operativo

### 5.1. Fichas individualizadas de actuacións

Grupo de traballo para a xestión do turismo accesible de Galicia															
Obxectivo	Posta en marcha dun grupo de traballo periódico (público e privado) responsable da xestión do produto de turismo accesible de Galicia.														
Descrición	<p>A Xunta coordinará o grupo de traballo que deseñou para lograr a participación activa do sector turístico relacionado coa mellora da accesibilidade no destino.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>O grupo estará composto de representantes de empresas e do movemento asociativo de persoas con discapacidade, axentes de carácter autonómico con competencias en materia de turismo do mesmo xeito que de axentes dos concellos e entidades locais responsables da xestión de destinos.</li> <li>Este grupo de traballo reunirse trimestralmente. Así mesmo, poderán crearse comisións de traballo específicas para aqueles temas de carácter urgente ou que requiran unha maior dedicación.</li> <li>O grupo terá as seguintes funcións: <ul style="list-style-type: none"> <li>Seguimento do grao de avance do Plan de Accesibilidade Turística de Galicia, de acordo ao establecido no Anexo III do presente Plan.</li> <li>Presentación e comunicación ao sector das iniciativas impulsadas desde a Xunta de Galicia para a mellora da accesibilidade no destino.</li> <li>Planificación e avaliación de resultados da acción promocional do destino en materia de turismo accesible.</li> <li>Valoración da información achegada polo Observatorio de Turismo Accesible. (Ver acción 4.3)</li> <li>Presentación e valoración de todas aquelas propostas e ideas presentadas por calquera dos membros do grupo de traballo.</li> </ul> </li> </ul>														
Responsables	Turismo de Galicia; Movemento asociativo de persoas con discapacidade; Axentes empresarios do sector turístico; Axentes de municipios de relevante interese.														
Calendario															
2016				2017				2018				2019			
1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T



1 Mellora da accesibilidade da oferta turística

1.1. Análise da accesibilidade nos principais puntos turísticos

**Obxectivo**  
Realizar un diagnóstico de accesibilidade dos principais puntos de interese turísticos para identificar os recursos que poden promocionarse como accesibles e realizar accións correctivas para os que non o son.

**Descrición**

Antes de promocionarse como accesible, un destino debe coñecer se a súa oferta turística cumpre coas condicións de accesibilidade esixidas polas normativas e requiridas polos colectivos de persoas con discapacidade.

Para realizar a avaliación, Turismo de Galicia contará co asesoramento de profesionais do ámbito da Accesibilidade Universal e coa colaboración do movemento asociativo de persoas con discapacidade.

O estudo desenvolverase segundo as fases que se establecen a continuación:

- Selección dos recursos para analizar.
- Traballo de campo: visita dos recursos seleccionados e diagnóstico de accesibilidade dos mesmos.
- Avaliación das condicións de accesibilidade e clasificación dos recursos.
- Propostas de mellora das condicións de accesibilidade dos recursos turísticos que non cumpren os requisitos mínimos establecidos.

Tras o estudo, os recursos turísticos que resultarán accesibles publicaranse en guías e ferramentas dixitais de promoción do turismo accesible de Galicia (Ver accións 2.2 e 2.4) e presentaranse en feiras e eventos relacionados (Ver accións 2.9 e 2.10).

Ademais, os resultados do estudo poderán confluír nunha base de datos utilizada para realizar estudos específicos sobre o turismo accesible en Galicia (Ver Acción 4.3).

A información solicitada manterase actualizada e periodicamente repetirase o estudo diagnóstico de accesibilidade, incorporando novos recursos e revisando a información dos que se analizaron previamente.

**Responsables**  
Turismo de Galicia; Entidade de profesionais do ámbito da Accesibilidade Universal; Movemento asociativo de persoas con discapacidade; Axentes de municipios relacionados cos recursos analizados.

Calendario															
2016				2017				2018				2019			
1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T



1	Mellora da accesibilidade da oferta turística
1.2.	Análise da accesibilidade das empresas turísticas
Obxectivo	Realizar un diagnóstico de accesibilidade dos principais establecementos turísticos para identificar os que poden promocionarse como accesibles e realizar accións correctivas para os que non o son.
Descrición	<p>É responsabilidade do destino turístico coñecer o grao de accesibilidade da oferta dos establecementos do sector turístico. Por iso, o ente xestor do destino deberá poñer en marcha unha serie de actuacións para coñecer se o conxunto de establecementos turísticos que compón a oferta cumpre coas condicións de accesibilidade esixidas polas normativas e requiridas polos colectivos de persoas con discapacidade.</p> <p>Para realizar a avaliación, Turismo de Galicia contará co asesoramento de profesionais do ámbito da Accesibilidade Universal e coa colaboración do sector da discapacidade.</p> <p>O estudo desenvolverase segundo as seguintes fases:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Creación dun rexistro de establecementos a analizar.</li> <li>• Contacto cos establecementos e envío da información relativa ao estudo.</li> <li>• Traballo de campo: visita dos establecementos seleccionados e diagnóstico de accesibilidade dos mesmos.</li> <li>• Avaliación das condicións de accesibilidade e clasificación dos establecementos.</li> <li>• Propostas de mellora das condicións de accesibilidade dos establecementos turísticos que non cumpren os requisitos mínimos establecidos.</li> </ul> <p>Tras o estudo, os establecementos turísticos que resulten accesibles publicaranse en guías e ferramentas dixitais de promoción do turismo accesible de Galicia (Ver accións 2.2 e 2.4) e presentaranse en feiras e eventos relacionados (Ver accións 2.9 e 2.10).</p> <p>Ademais, os resultados do estudo poderán confluír nunha base de datos utilizada para realizar estudos específicos sobre turismo accesible en Galicia (Ver Acción 4.3).</p> <p>A información solicitada manterase actualizada e periodicamente repetirase o estudo diagnóstico de accesibilidade, incorporando novos establecementos e revisando a información dos que se analizaron previamente.</p>
Responsables	Turismo de Galicia; Entidade de profesionais do ámbito da Accesibilidade Universal; Movemento asociativo de persoas con discapacidade; Axentes empresarios do sector turístico.

Calendario															
2016				2017				2018				2019			
1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T



1	Mellora da accesibilidade da oferta turística
1.3.	Análise da accesibilidade dos puntos e oficinas de atención
Obxectivo	Realizar un diagnóstico de accesibilidade dos puntos e oficinas de información e atención ao turista para identificar as que poden promocionarse como accesibles e realizar accións correctivas para os que non o son.
Descrición	<p>É responsabilidade do destino turístico coñecer o grao de accesibilidade dos puntos de información e oficinas de atención ao turista. Por iso, o ente xestor do destino deberá poñer en marcha unha serie de actuacións para coñecer as condicións de accesibilidade dos mesmos e emprender accións de mellora dirixidas aos puntos e oficinas de atención que non cumpren as condicións de accesibilidade esixidas polas normativas e requiridas polos colectivos de persoas con discapacidade.</p> <p>Para realizar a avaliación, Turismo de Galicia contará co asesoramento de profesionais do ámbito da Accesibilidade Universal e coa colaboración do sector da discapacidade.</p> <p>O estudo desenvolverase segundo as seguintes fases:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección dos puntos e oficinas a analizar.</li> <li>• Contacto con aquelas de xestión non autonómica e envío da información relativa ao estudo.</li> <li>• Traballo de campo: visita dos puntos seleccionados e diagnóstico de accesibilidade dos mesmos.</li> <li>• Avaliación das condicións de accesibilidade e clasificación dos puntos.</li> <li>• Propostas de mellora das condicións de accesibilidade dos puntos e oficinas de información turística que non cumpren os requisitos mínimos establecidos.</li> </ul> <p>Tras o estudo, os que resulten accesibles publicaranse en guías e ferramentas dixitais de promoción do turismo accesible de Galicia (Ver accións 2.2 e 2.4) e presentaranse en feiras e eventos relacionados (Ver accións 2.9 e 2.10).</p> <p>Ademais, os resultados do estudo poderán confluír nunha base de datos utilizada para realizar estudos específicos sobre o turismo accesible en Galicia (Ver Acción 4.3).</p> <p>A información solicitada manterase actualizada e periodicamente repetirase o estudo diagnóstico de accesibilidade, incorporando novos puntos e oficinas, revisando a información dos que se analizaron previamente.</p>
Responsables	Turismo de Galicia; Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; Entidade de profesionais do ámbito da Accesibilidade Universal; Movemento asociativo de persoas con discapacidade; Axentes de municipios relacionados cos puntos analizados.

Calendario															
2016				2017				2018				2019			
1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T



1 Mellora da accesibilidade da oferta turística

1.4. Accesibilidade da rede de transporte

**Obxectivo**  
Análise das condicións de accesibilidade da rede de transporte de Galicia e a mellora da mesma e realización dun estudo de accesibilidade da rede de transporte e das infraestruturas relacionadas do territorio de Galicia.

**Descrición**  
Estudo relacionado coa mellora da accesibilidade da rede de transporte de Galicia, para velar polo cumprimento das mesmas, en conformidade co Real Decreto 1544/2007, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade. A Xunta de Galicia coordinará a participación activa de todos os axentes involucrados.

- Os contidos e alcance das accións incluírán a rede de vehículos, os espazos públicos, as edificacións e os sistemas de comunicación, relacionados co transporte.
- Os obxectivos serán:
  - Estudo das condicións de accesibilidade da rede de transporte de Galicia realizado coa colaboración de profesionais do ámbito da Accesibilidade Universal e seguimento periódico do grao de avance.
  - Coordinación cos axentes de titularidade autonómica e municipal, competentes na materia, para fomentar a posta en marcha de accións de mellora das principais carencias detectadas.
  - Proposta dun plan de formación en Accesibilidade Universal e Atención a clientes con discapacidade, dirixido ás empresas do sector (persoal de información, condutores dos vehículos, etc...) e a todos os axentes das administracións públicas galegas involucrados en materia de transporte.
  - Publicación da información obtida sobre as condicións de accesibilidade do transporte nas principais ferramentas de promoción turística e nas páxinas web institucionais.).

**Responsables**  
Turismo de Galicia; Dirección Xeral de Mobilidade ; Entidade de profesionais do ámbito da Accesibilidade Universal; Movemento asociativo de persoas con discapacidade; Entidades públicas e privadas vinculadas ao sector do transporte.

Calendario															
2016				2017				2018				2019			
1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T



1	Mellora da accesibilidade da oferta turística
1.5.	Deseño de produtos e rutas de turismo accesible
Obxectivo	Creación, comercialización e promoción de produtos turísticos constituídos por recursos de interese e establecementos accesibles para todas as persoas.
Descrición	<p>Un produto turístico, como conxunto de bens e servizos ofrecidos a un mercado para o seu uso e goce, pode converterse nun conxunto de sensacións que dan lugar a unha experiencia única e irrepetible.</p> <p>A metodoloxía para a creación dun produto turístico accesible ao redor de diferentes temas e peculiaridades do patrimonio galego material e inmaterial, contará con distintas fases:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección dos recursos e dos establecementos accesibles a incluír, baseándose na base de datos actualmente existente e nos estudos futuros a realizar (ver accións 1.1 e 1.2).</li> <li>• Identificación dos produtos ancoras, que pola súa relevancia converteranse nos principais atractivos.</li> <li>• Contacto coas empresas e as entidades públicas xestores dos recursos que formarán parte dos produtos, para informar da elaboración do produto.</li> <li>• Definición das modalidades de transporte accesible para desprazarse polos distintos recursos que compoñen o produto.</li> <li>• Concienciación dos axentes implicados no desenvolvemento turístico e posta en marcha dun plan de formación en Accesibilidade Universal e Atención ao cliente con discapacidade dirixida aos xestores dos recursos e dos establecementos que formarán parte dos produtos, coa colaboración do movemento representativo de persoas con discapacidade.</li> <li>• Unha vez configurados os distintos produtos turísticos, propónse a posta en marcha dunha experiencia piloto que permita avaliar as súas fortalezas e as súas debilidades, antes da comercialización dos mesmos.</li> <li>• Comercialización e distribución: colaboracións con axencias de viaxes e operadores turísticos, realización de Fam Trips (Ver acción 2.6) e definición dunha estratexia de distribución.</li> </ul>
Responsables	Turismo de Galicia; Entidade de profesionais do ámbito da Accesibilidade Universal; Movemento asociativo de persoas con discapacidade; Axentes de municipios relacionados cos recursos implicados; Axentes empresarios do sector turístico.

Calendario															
2016				2017				2018				2019			
1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T	1T	2T	3T	4T





1	Mellora da accesibilidade da oferta turística
1.6.	Manual de sinalización turística accesible
Obxectivo	Actualizar o vixente “Manual de sinalización turística” da Xunta de Galicia, integrándoo cos criterios de Accesibilidade Universal e Deseño para todos.
